

A ESCOLA DA VIDA

## Embarazos en grupo

16.01.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Telecinco iniciou unha miniserie de dous capítulos titulada *El pacto*. Está dirixida por Fernando Colomo, un experimentado director de cine e de televisión, e o seu guionista é o fillo de Antonio Mercero, Santos Mercero. Narra o embarazo de sete mozas de 16 anos, que, supostamente, queren ser nais a un mesmo tempo. Este grupo de mozas xira arredor dunha líder que establece as normas, forza as vontades e xera conflitos en pos da súa coartada.

Os grupos adolescentes compaxinan dous elementos que se presentan neste: a razón do grupo como condicionante individual e a imprevisión das consecuencias de moitos dos seus actos impulsivos, dous dos elementos básicos para tomar a súa decisión de embarazarse.

Pero os problemas persoais dos adolescentes, como do resto do mundo, teñen que buscar solucións particulares, pois como diría Ortega y Gasset: "Eu son eu e as miñas circunstancias". É aquí, a partir desas diferentes circunstancias das mozas (pais con diferentes idades, personalidades e escenarios, noivos, etc.) e incluso das súas diferentes reaccións corporais ao embarazo (náuseas, vómitos, cambios nas percepcións olfativas e gustativas) fan que cada unha empece a percorrer o seu propio camiño (fuxidas do fogar, rupturas de parella, enfrontamentos cos pais, etc.). A verdade é que as actitudes das adolescentes quedan ben expostas polas súas protagonistas, quizais, debido a que están máis ou menos nesa etapa e cústalles pouco pasar da realidade á ficción; e a sorpresa e impotencia dos adultos (pais e profesores) ante algo que nin souberon prever nin ven como solucionar, tamén. Polos datos da cota de pantalla (18,2 por cento), a cadea conseguiu realmente captar a atención da audiencia. Pero agora xorden as preguntas para a análise. En verdade estase pondo en solfa a autoridade dos pais sobre as súas fillas, como din algunhas asociacións? ou é outra forma máis de reflexionar sobre os conflitos que provocan os mozos e que non saben solucionar, esperando que sexan os adultos os que lles poñan remedio os seus dramas, como se aínda fosen nenos?

A verdade é que como mellor aprende un é pola súa propia experiencia. A fatalidade é que moitas experiencias son irreversibles, por iso os pais deben estar sempre atentos os desatinos dos fillos adolescentes. É o pacto da familia.